



Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)
www.vilasantar.com

Acta da sesión ordinaria **do pleno nº 02/16**

Data 14-04-2016

Acta anterior 11-02-2016

Asistentes:Alcalde

D. Fernando Pérez Fernández

Concelleiros presentes

D. Oscar Vázquez Corral

D. José David Pintor Pazo

D^a. María del Carmen Torreiro Cotos

D. Jesús Gómez García

D^a Manuela García Freire

D. José Antonio Cotos Seoane

-D^a. Marta García SánchezNon asisten

D. José Emilio Mahía Neira

Secretario.

D. Afonso Bieito Lorenzo Penela.

tempo da gravadora.

Acta pleno 02/2016**Acta da sesión ordinaria celebrada polo pleno deste concello o día catorce de abril de dous mil dezaseis.**

Na casa do concello de Vilasantar, sendo as trece horas do día catorce de abril de dous mil dezaseis, baixo a presidencia do sr. alcalde e coa asistencia dos concelleiros expresados na marxe, reúnese o pleno deste concello no local habilitado ao efecto na Casa do Concello. Hai 3 cidadáns presentes en calidade de público.

Aberta a sesión de orde do Sr. presidente indica que esta sesión vai ser gravada. En consecuencia a referencia horaria do inicio de tratamento dos distintos puntos referirase ao

A continuación pasouse ao estudo da orde do día, adoptándose sobre os asuntos contidos na mesma os seguintes acordos:

1.- Aprobación de actas anteriores (00' 10")

O alcalde relaciona que actas e cando foron remitidas e cales son as que corresponde aprobar. Son as 01/16.

Toma a palabra o concelleiro do BNG José A. Cotos Seoane que manifesta que na sesión anterior solicitara que constase explicitamente que no punto do cemiterio o alcalde dixo que quería falar con el, nun ton intimidatorio. O alcalde interrómpeo para aclarar o uso da palabra intimidatorio, que é reiterada por José A. Cotos Seoane, que quere que se transcriba o que se dixo, contestando o alcalde que non se vai poñer nada de intimidatorio, pois en ningún momento actuou desa forma. A continuación pide a intervención do secretario quen indica que non atopou na gravación o que pide José A. Cotos Seoane, propoñendo que se escoite a gravación conxuntamente para reproducir literalmente o sucedido, se así o considera a corporación.

Logo dun breve debate o alcalde asume a proposta do secretario quedándose en escoitar a gravación para resolver no seu caso.

Non habendo máis intervencións apróbase a acta mencionada sen ningún reparo á súa redacción nin contido.

2.- Control dos actos de goberno e Comprobación da recepción das actas da Xunta de Goberno Local.(02' 58")

O alcalde empeza a indicar as actas que se remitiron, sendo interrompido pola portavoz do BNG



Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

quen se queixa de que as actas están chegando bastante tarde e de que se manden por carta certificada, pois iso causa molestias por ter que ir a buscalas a Teixeiro.

O alcalde lembra que as actas certifícanse polos problemas que houbera de recepción. Ao ir certificadas hai garantía de data de remisión e de recepción.

A portavoz do BNG contesta que ela sempre defendera que non era necesario mandalas certificadas, pois nunca houbera problemas coas actas, agás aquelas que non chegaran.

O alcalde pregunta aos concelleiros do grupo da oposición (BNG) por como queren que se remitan as actas, contestando Marta García Sánchez que por que non se remiten certificadas tamén aos concelleiros do grupo de goberno (PP), contestando o alcalde que o problema de recepción non se daba cos concelleiros do PP.

Reitera a portavoz do BNG que eles nunca puxeron problemas polas actas.

Finalmente José A. Cotos Seoane solicita que as actas se lle remitan por correo ordinario e Marta García Sánchez que se lle remita por correo electrónico, para o cal deixará un enderezo na oficina.

En resume, as actas remitiranse por correo electrónico a Manuela García Freire e a Marta García Sánchez e por correo ordinario aos restantes membros da corporación.

A continuación o alcalde do concello indica as actas que se remitiron especificando as datas de remisión, que foron a 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7 e 8 de 2016, esta última o 11 de abril de 2016.

3.- Modificación da ordenanza nº 1 IBI a efectos de continuar a tramitación da cesión do centro de saúde. (09' 05'')

A continuación dáse conta da proposta de alcaldía e máis do informe do secretario-interventor que ía unida a convocatoria. A proposta de alcaldía se reproduce, no fundamental a seguir:

Fernando Pérez Fernández, alcalde do concello de Vilasantar realizo a seguinte proposta de modificación en relación á ORDENANZA FISCAL N.º 1, DO IMPOSTO SOBRE BENS INMÓBEIS, NO CONCELLO DE VILASANTAR:

REDACCIÓN ACTUAL.

Artigo 3º. Exencións

De conformidade co previsto no art. 63.4 da Lei 39/88, de 28 de decembro, gozarán de exención os inmobles rústicos e urbanos cunha cota líquida que non supere 3 euros.

PROPOSTA DE CAMBIO.

Artigo 3º. Exencións

1.- De conformidade co previsto no art. 63.4 da Lei 39/88, de 28 de decembro, gozarán de exención os inmobles rústicos e urbanos cunha cota líquida que non supere 3 euros.

2.- Están exentos os bens inmobles situados no termo municipal deste Concello dos que sexan



Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

titulares os centros sanitarios de titularidade pública, sempre que estean afectos ao cumprimento dos fins específicos dos referidos centros. Esta circunstancia documentarase mediante certificado do organismo titular do centro sanitario, acreditando a afectación do centro ao cumprimento dos fins específicos destes.

O alcalde do concello explica que a modificación proposta é un requisito necesario para poder continuar coa cesión do mantemento do centro de saúde.

A continuación (11' 30") toma a palabra a portavoz do BNG, Manuela García Freire, quen se estraña de que a proposta de modificación non inclúa a proposta do PP que aparece na moción que se vai estudar no punto 6 deste mesmo pleno. En consecuencia o BNG realiza unha emenda a proposta de modificación, cun texto que entregan ao secretario e que **se reproduce como anexo I** e que pasa a ler.

Rematada a lectura (16' 16") , o alcalde preguntalle se ten que dicir algo sobre a modificación proposta polo órgano de goberno, contestando a portavoz do BNG que están presentando unha emenda a esa proposta.

O secretario advirte de que sobre a moción de que se está a falar, e que será estudada no punto 6, el realizou un informe indicando, precisamente, a súa salvidade sobre o mesmo, salvidade que sería aplicábel igualmente á emenda que acaba de propor o grupo municipal do BNG, e que se reproduce no fundamental a seguir:

ANTECEDENTES: O grupo municipal do PP deste concello presenta en data 08-04-2016, con RE 493 unha moción sen título co obxectivo de “garantir que as explotacións agrarias, gandeiras e forestais desenrolen a súa actividade dentro dun marco de competitividade e crecemento”.

Na proposta de acordo Sexta, solicítase que o pleno do concello adopte o seguinte:

- “Aplicar sobre as explotacións agrícolas e gandeiras un coeficiente de tributación sobre o valor catastral de 0,3%. De existir un cambio na lexislación vixente o coeficiente a aplicar será o mínimo esixible”

Á vista do anterior este secretario interventor advirte que para que o referido acordo sexa efectivo haberá que tramitar, con posterioridade, un expediente de modificación da ordenanza do Imposto de Bens Inmóbeis, tramitado con todas as formalidades exixíbeis pola lexislación, quedando o presente acordo, caso de así acordalo o pleno, supeditado á tramitación da mencionada modificación.

Nesa tramitación, aclara, deberá de figurar un informe que atenda aos criterios de estabilidade orzamentaria.

O alcalde di que aínda non se está estudando o punto da Moción do PP, contestando a portavoz do BNG quen indica que o fundamental coinciden, pois en ambas se fala de modificación da ordenanza fiscal do IBI.

O alcalde indica que, para poder aprobar as modificacións propostas na emenda necesitaría un informe previo do secretario, sen o cal non se podería aprobar.



Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

O alcalde (22' 42") pide informe ao secretario sobre se se podería aprobar hoxe a proposta do grupo municipal do BNG, contestando este que, tal como está redactada, entende que non. O alcalde pide que quede constancia da pregunta feita.

A portavoz do BNG pide que tamén quede constancia “que non é de recibo que o goberno municipal non tivera en conta, cando se fai unha proposta de modificación onde ten que haber unha exposición pública, onde ten que haber uns prazos, que non incluía definitivamente unha modificación da ordenanza fiscal, porque isto vai a ser que este ano xa se teña que pagar por esa regularización catastral”

Transcorridos (23' 29") sométese o Expediente de Modificación da ordenanza nº 1 Imposto de Bens Inmóbeis a votación sendo aprobado por cinco votos (PP) a favor e tres abstencións (BNG), quedando en consecuencia adoptado o seguinte acordo:

1) Aprobar provisionalmente a Modificación do artigo 3 da ordenanza nº 1 Imposto de Bens Inmóbeis do concello de Vilasantar, que pasa a ter a seguinte redacción:

Artigo 3º. Exencións

1.- De conformidade co previsto no art. 63.4 da Lei 39/88, de 28 de decembro, gozarán de exención os inmobles rústicos e urbanos cunha cota líquida que non supere 3 euros.

2.- Están exentos os bens inmobles situados no termo municipal deste Concello dos que sexan titulares os centros sanitarios de titularidade pública, sempre que estean afectos ao cumprimento dos fins específicos dos referidos centros. Esta circunstancia documentarase mediante certificado do organismo titular do centro sanitario, acreditando a afectación do centro ao cumprimento dos fins específicos destes.

SEGUNDO. Dar ao expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante exposición polo prazo de trinta días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán examinalo e plantexar as reclamacións que estimen oportunas.

TERCERO. Considerar, no suposto de non se presentaren reclamacións ao expediente, que o acordo é definitivo, en base ao artigo 17.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

4.- Dar conta da execución 4T de 2015 e da liquidación de 2015. (24' 09")

A documentación completa destes expedientes remitiuse por correo electrónico aos portavoces dos grupos municipais e o decreto de aprobación da liquidación aos demais concelleiros.

A continuación o alcalde do concello Fernando Pérez Fernández explica brevemente que o resultado da liquidación é de cumprimento dos requisitos de Estabilidade orzamentaria, Regra do gasto e Débeda, polo que queda cumprido o PEF.

Resume que os datos contábeis dan unha forte diferenza respecto ao exercicio anterior pero, como xa



Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

mencionaba no informe de secretaría daquel exercicio e máis no actual, a situación non era tan negativa naquel exercicio nin é tan positiva neste.

Tamén menciona o forte remanente de crédito negativo, malia ser inferior ao correspondente á liquidación do ano anterior.

Tamén menciona como moi preocupante a forte dependencia deste concello das subvencións finalistas doutras administracións, considerando que entre os concellos de 1.000 a 2.000 habitantes debemos ser o máis dependente delas.

Finalmente le a parte do informe de secretaría onde se realizan os axustes das contas (co resultado matizado respecto do resultado oficial dos dous exercicios, anterior e presente).

(29' 35") A continuación toma a palabra o concelleiro do BNG, José Antonio Cotos Seoane que indica que a contabilidade parece agora moi bonita pero a realidade é que a débeda sube e que xa subira en anos anteriores.

A portavoz do BNG, Manuela García Freire, comenta que nos orzamentos deste ano, aínda non aprobados, haberá que descontar o remanente de tesourería negativo (sobre 209.000 euros), polo que realmente o seu grupo non ve a mellora de que se fala.

(31' 43") O alcalde do concello indica que están dando os datos da liquidación e si se ve unha mellora, pregunta ao secretario que se defina si son mellores ou non, contestando este que iso é unha valoración política, que non lle corresponde e dando un resume dos datos que se reflicten no seu informe.

Iníciase un debate aclarándose as cifras que aparecen na liquidación con intervencións de varios concelleiros e do secretario interventor.

(36' 17") A portavoz do BNG, Manuela García Freire, pregunta cando se van redactar os orzamentos deste exercicio, contestando o alcalde, despois dunha discusión, que conta con traelos ao próximo pleno ordinario, senón facemos antes un extraordinario que podería incluír tamén a contratación da concesión da escola ecolóxica.

5.- Proposta de adhesión ao Fondo galego de cooperación e solidariedade **(38' 13")**

O alcalde explica que con esta adhesión quérese contribuír dende o propio eido local ao desenvolvemento dos países empobrecidos e continúa lendo a proposta de adhesión ao Fondo galego de cooperación e solidariedade, que ía unida á convocatoria.

Explica que o Fondo naceu haberá uns vinte anos está composto actualmente por 84 municipios e 2 deputacións e que este concello tería que aportar uns 240,24 euros anuais.

Ao seu grupo parécelle unha boa idea e por iso propón a adhesión.



Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

(29' 35") A portavoz do BNG, Manuela García Freire, indica que este asunto xa se tratou no concello hai anos e que mesmo lle parece que se adoptara acordo de adhesión, contestando o alcalde que non, que comprobou os concellos adheridos e non figura o de Vilasantar. Manuela García Freire manifesta o acordo do seu grupo coa proposta.

Transcorridos (42' 21") sométese a Proposta de adhesión ao Fondo galego de cooperación e solidariedade a votación sendo aprobado por unanimidade dos asistentes, quedando en consecuencia adoptado o seguinte acordo:

Primeiro: Manifesta a adhesión desta corporación ao Fondo galego de cooperación e solidariedade e aceptar os seu Estatutos e Declaración programática.

Segundo: Asumir o compromiso de dotar orzamentariamente unha partida, como achega anual ao Fondo galego, segundo o sistema de cotas aprobada pola asemblea xeral de socios.

Terceiro: Expresar a vontade de incrementar as responsabilidades económicas deste Concello para aproximarse ao 0,7% do orzamento ordinario recomendado polas Nacións Unidas.

Cuarto: Facultar ao alcalde presidente para que designe un/unha representante político e un/unha técnico/a do Concello perante o Fondo galego de cooperación e solidariedade.

Quinto: Notificar estes acordo ao Fondo galego de cooperación e solidariedade.

6.- Mocións (42' 21")

A/ Moción presentada polo Grupo municipal do PP con RE 493-16 sobre a regularización catastral das explotacións agrícolas, gandeiras e forestais.

A continuación dáse conta da Moción presentada polo Grupo municipal do PP con RE 493-16 sobre a regularización catastral das explotacións agrícolas, gandeiras e forestais, así como do informe de secretaría-intervención que ían unidos á convocatorias e que se unirán como **anexos ao presente acordo e anexo II e III** á acta do presente pleno.

Toma a palabra o portavoz do PP Fernando Pérez Fernández, quen explica primeiramente a razón da moción, derivada do proceso de regularización catastral que está ter lugar neste momento, e que provocará un incremento do pago do IBI, ben polo incremento do valor catastral ou de novas altas. O IBI é un imposto de xestión compartida, correspondendo a xestión tributaria aos concellos, a través das súas ordenanzas fiscais.

Procedendo despois á lectura da proposta de moción na súa literalidade, sendo a proposta de acordo a seguinte:

1. Solicitar unha moratoria do Ministerio de facenda para que este proceso non se desenrole sen ter suficientemente valoradas as peculiaridades e idiosincrasia dos concellos de Galicia. Que se modifique o Decreto 1020/93 no sentido de incluír un coeficiente de depreciación funcional (entre un 0,20 e un 0,80) para as edificacións destinadas a usos agrarios, extensíbel aínda que estas estean sen uso por cese de dita actividade.



Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

2.- *Trasladar ao Ministerio de facenda e aos concellos a necesidade de que as explotacións agrarias e gandeiras galegas teñan exencións o máis amplas posíbeis na súa tributación.*

3. *Que se establezan fórmulas de colaboración a través da Fegamp para prestarlles o asesoramento preciso aos concellos de Galicia que o soliciten en relación ás súas competencias normativas no IBI e á repercusión que estas poidan ter no ámbito financeiro e de equilibrio orzamentario.*

4.- *Dirixirse ao Goberno central para que aprobe unha exención da taxa prevista no proceso de regularización catastral 2013-2016 a futuro e que devolva as xa ingresadas nos supostos que afecten ás construcións indispensábeis para o desenvolvemento de explotacións agrícolas, gandeiras ou forestais situadas en solo rústico.*

5.- *Estabelecer o máximo permitido de bonificación do 95% da cota íntegra do IBI para todas aquelas construcións indispensábeis para o desenvolvemento de explotacións agrícolas, gandeiras ou forestais situadas en solo rústico.*

6.- *Aplicar sobre as explotacións agrarias e gandeiras un coeficiente de tributación sobre o valor catastral do 0,3%. De existir un cambio na lexislación vixente o coeficiente a aplicar será o mínimo exixíbel.*

A continuación le o último parágrafo do informe de secretaría, que di:

Á vista do anterior este secretario interventor advirte que para que o referido acordo sexa efectivo haberá que tramitar, con posterioridade, un expediente de modificación da ordenanza do Imposto de Bens Inmóbeis, tramitado con todas as formalidades exixíbeis pola lexislación, quedando o presente acordo, caso de así acordalo o pleno, supeditado á tramitación da mencionada modificación.

En consecuencia, continúa o alcalde, os acordos relacionados nesta proposta que precisan de modificación de ordenanza refírense, evidentemente, a acordo de iniciar a tramitación desa modificación de ordenanza.

(48' 35") A portavoz do BNG, Manuela García Freire indica que a posibilidade desta regularización catastral foi comunicada pola Xerencia ao concello e foi este quen solicitou que se iniciase. Tamén indica que esta regularización faise para cumprir unha lei (16/2012), que foi feita polo PP, que goberna tanto na Xunta de Galiza como no Estado.

A continuación lee un texto escrito, explicativo do posicionamento do seu grupo, indicando que o BNG xa intentou nesas instancias, sen éxito, modificacións da normativa ou mesmo a paralización do proceso, sendo acusados de demagogia por pedir dita paralización cando agora se pide unha moratoria.

A moción pretende trasladar ao Goberno que as explotacións agrarias e gandeiras teñan as máis amplas exencións, actuando agora o PP en contra de todas as súas actuacións pasadas.



Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

Indica a continuación os problemas que implican esta regularización, que afecta a máis factores, mencionando a dificultade para recibir becas de estudo por mor da multiplicación dos bens familiares, que afecta especialmente a territorios dispersos, como o galego, e todo isto nun momento en que a situación do campo está moi difícil.

Finaliza informando que van a votar a favor aínda que lles parece absurdo facer esta moción polo PP cando é o mesmo grupo que goberna na Xunta de Galiza e máis no Estado.

O alcalde contesta dicindo que se trata de deixar constancia das dificultades que ten Galicia nesta materia, que é distinto que unha granxa estea en Galicia que noutro territorio e que o seu grupo goberna en Vilasantar e está de acordo con esta moción.

(54' 50") A continuación toma a palabra a concelleira do BNG Marta García Sánchez indicando que a proposta fala só do solo rústico e hai explotacións situadas en solo de núcleo rural, preguntando por como quedarían esas edificacións.

Contesta o alcalde que por lei unha explotación non pode estar en núcleo rural, contestando á súa vez a portavoz do BNG Manuela García Freire que a lei non permite ampliacións desas explotacións pero si que se manteñan as que están e que agora estarían prexudicadas pois vaise pagar por naveas que xa están feitas.

A concelleira do BNG Marta García Sánchez pregunta polas construcións que xa están feitas e que eran de explotacións que tiveron que deixar a actividade, e que agora terían que derrubar todo para non ter que pagar.

Tras un breve debate acórdase por consenso modificar a proposta da moción ao final dos puntos 4 e 5, cambiando o texto "situadas en solo rústico" por "independentemente do tipo de solo en que estean".

O secretario pida que se teña en conta o establecido no seu informe.

Transcorridos (59' 53") sométese a votación resultando aprobada a moción por unanimidade co seguinte texto:

1. Solicitar unha moratoria do Ministerio de facenda para que este proceso non se desenrole sen ter suficientemente valoradas as peculiaridades e idiosincrasia dos concellos de Galicia. Que se modifique o Decreto 1020/93 no sentido de incluír un coeficiente de depreciación funcional (entre un 0,20 e un 0,80) para as edificacións destinadas a usos agrarios, extensíbel aínda que estas estean sen uso por cese de dita actividade.

2.- Trasladar ao Ministerio de facenda e aos concellos a necesidade de que as explotacións agrarias e gandeiras galegas teñan exencións o máis amplas posíbeis na súa tributación.

3. Que se establezan fórmulas de colaboración a través da Fegamp para prestarlles o asesoramento preciso aos concellos de Galicia que o soliciten en relación ás súas competencias normativas no IBI e á repercusión que estas poidan ter no ámbito financeiro e de equilibrio orzamentario.



Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

4.- *Dirixirse ao Goberno central para que aprobe unha exención da taxa prevista no proceso de regularización catastral 2013-2016 a futuro e que devolva as xa ingresadas nos supostos que afecten ás construcións indispensábeis para o desenvolvemento de explotacións agrícolas, gandeiras ou forestais independentemente do tipo de solo en que estean.*

5.- *Estabelecer o máximo permitido de bonificación do 95% da cota íntegra do IBI para todas aquelas construcións indispensábeis para o desenvolvemento de explotacións agrícolas, gandeiras ou forestais independentemente do tipo de solo en que estean.*

6.- *Aplicar sobre as explotacións agrarias e gandeiras un coeficiente de tributación sobre o valor catastral do 0,3%. De existir un cambio na lexislación vixente o coeficiente a aplicar será o mínimo exixíbel.*

Tense en conta o informe de secretaría e en consecuencia enténdese que *para que o presente acordo sexa efectivo haberá que tramitar un expediente de modificación da ordenanza do Imposto de Bens Inmóbeis con todas as formalidades exixíbeis pola lexislación, quedando o presente acordo supeditado á tramitación da mencionada modificación.*

7.- Rogos e Preguntas (59' 57")

A/ Preguntas presentadas por escrito

Non hai preguntas presentadas por escrito.

B/ Rogos e Preguntas realizadas directamente no pleno (1h. 23' 40")

A/ Rogo para a posibilidade de presentar preguntas por escrito a través do correo electrónico (1h 00' 03")

A portavoz do BNG Manuela García Freire fai o rogo de que se admita presentar preguntas por escrito a través do correo electrónico xa que se admitiu unha denuncia urbanística por correo electrónico, contestando o alcalde que, dende o momento en que se ten coñecemento dunha infracción urbanística debe actuarse.

Manuela García Freire indica que xa advertira daquela que esa denuncia ía traer cola. O alcalde contesta que é distinto unha denuncia que o feito de facer preguntas. Manuela García Freire di que lle parece ben que se tramitase a denuncia e que simplemente quere que se lles permita presentar preguntas por correo electrónico contestando o alcalde as dificultades de xestión e de seguridade xurídica que pode xerar ese medio de presentación.

Finalmente Manuela García Freire comprométese a presentar para cada pleno só unha relación de preguntas, ao que accede o alcalde.

A continuación solicita tamén poder pedir ver expedientes, por correo electrónico, contestando o alcalde que está de acordo.



Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

B/ Veciño desaparecido (1h. 05' 47")

A portavoz do BNG Manuela García Freire indica que no anterior pleno acordárase pedir entrevistas por mor da desaparición de Manuel.

O sr alcalde mandou un informe sobre os pasos dados dende o concello, pero tanto o Delegado do goberno como o Director de emerxencias non quixeron recibir a representantes do pleno do concello o que lle parece demencial.

Interrompe o alcalde para indicar que, na súa opinión, está mesturando as cousas, pois pode ser que a alcaldía entenda as súas razóns.

Manuela García Freire contesta que hai un acordo plenario e que xa pasaron catro meses da desaparición e non sabemos nada del e non se fai nada. Merecemos unha explicación. Non parece razoábel pensar que ten un apoio externo para levar tres meses fuxido, que ogallá, pero non parece probábel, contestando o alcalde que o certo é que esa persoa fuxiu por vontade propia, eses son os feitos, contestando Manuela García Freire que hai un acordo plenario no que se di que é unha persoa desaparecida e onde se piden unha serie de trámites. Nin o director xeral de emerxencias nin o delegado do goberno contestaron por escrito dicindo por que non nos reciben, contestando o alcalde que van dicir o que eu dixen e insistindo Manuela García Freire que nolo diga, que nos reciba. O alcalde informa que a el si o recibiron, os dous, xa ao 3º día e insistindo Manuela García Freire en que se cumpra o acordo plenario e que nos reciban, pois Manuel é unha persoa desaparecida.

O alcalde remata o debate deste pleno indicando que faremos unha reunión co Delegado e co Director de emerxencias.

C/ Devolución aval á empresa do Depósito de San Vicenzo (1h. 11' 49")

A portavoz do BNG Manuela García Freire indica que nunha Xunta de goberno local acordouse a devolución do aval á empresa que fixo o Depósito de San Vicenzo, cando aínda non realizou a reforma do cerre. O alcalde pregunta ao secretario a situación, indicando este que non constaba nada no informe do director de obra, contestando Manuela García Freire que iso coñecía pois houbera denuncias e fálase nun pleno, preguntando a portavoz do BNG que vai amañar o cerre, se a empresa o concello ou a persoa que fixo o proxecto.

D/ Plan Xeral de Ordenación Municipal (1h. 13' 37")

A portavoz do BNG Manuela García Freire pregunta pola situación en que se atopa a redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal e como lle afecta a nova lei do solo, contestando o alcalde que si lle afecta e de feito agora mesmo estase modificando, de feito todas alegacións téñense que responder en relación á nova lei.

A portavoz do BNG Manuela García Freire pregunta se se vai abrir un novo prazo de alegacións, contestando o alcalde que o afectado é o solo rústico e que aínda non se tratou esa posibilidade, en calquera caso entende que haberá que informar aos veciños.



Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

E/ Informe da Universidade de Vigo da Escola Ecolóxica (1h. 17' 28")

A portavoz do BNG Manuela García Freire pregunta polo Informe da Universidade de Vigo da Escola Ecolóxica que pediran no pleno anterior, contestando o alcalde que o informe é o Estudo de viabilidade, no que se indica que a escola é viábel a partir dun certo tempo.

A portavoz do BNG Manuela García Freire pregunta se poden vir velo, contestando o alcalde que si poden, pero que non se van poder facer fotocopias, pois vai haber un proceso selectivo de contratación e ese documento pode ter información sensíbel.

F/ Facturas ao Boletín do concello (1h. 18' 28")

A portavoz do BNG Manuela García Freire pregunta polas facturas do boletín do concello que pediran no pleno anterior, contestando o alcalde que no pleno anterior xa lle dixo a cantidade que correspondía e Manuela García Freire contéstalle que eles queren ver a factura, contestando o alcalde que non hai problema. Tras un breve debate o alcalde di que estarán a súa disposición pedindo un prazo para buscalas duns dez días.

Finalmente o alcalde informa de que seguramente haberá un próximo pleno para iniciar a contratación da Escola de Agricultura Ecolóxica.

E non habendo máis asuntos a tratar o Sr. presidente levantou a sesión sendo as catorce horas e vinteun minutos (duración de 1h. 21' 10"), do que eu, secretario, dou fe.

Vº e pr.
O alcalde.

O secretario.

Asdo. Fernando Pérez Fernández

Asdo. Afonso Bieito Lorenzo Penela.